

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN 3º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA NOS CEIP DO CONCELLO E 2º E 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NUN CENTRO PÚBLICO PARA O CURSO 2015-2016

Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, efectúa o Concello de Oza-Cesuras para a concesión de axudas ao estudo, curso 2015/2016, para aquelas familias empadroadas neste municipio que se atopen nas condicións económicas que se reflecten nesta convocatoria.

O presente expediente tramítase como gasto estando suxeita a súa efectividade á dotación presupostaria dentro das partidas 324.48000.

Segunda. Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) A solicitude formularaa o pai, nai ou titor/a do/a alumno/a tendo tanto o/a alumno/a como o/a solicitante que estar empadroados/as no Concello de Oza-Cesuras ou residir de modo efectivo no mesmo.
- b) Estar o/a alumno/a matriculado/a en ensinanzas obxecto desta convocatoria.
- c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no base cuarta da presente convocatoria.
- d) Ter presentado a solicitude e documentación no prazo establecido (anexo I).
- e) Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude (anexo II).
- f) Cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira. Gastos subvencionables.

As axudas irán destinadas a cubrir os seguintes gastos:

- 3º e 5º de Educación Primaria: Material Escolar.
- 2º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria: Material escolar.

Cuarta. Contía da axuda.

As axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nesta convocatoria, nos seguintes importes por alumno ou alumna e curso, segundo a renda per cápita familiar no ano 2013:

EDUCACIÓN PRIMARIA:

– Familias monoparentais:

- Renda per cápita familiar ata 6.000,00 euros: 170 euros.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros.

– Resto das familias:

- Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 170 euros.
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

– Familias monoparentais:

- Renda per cápita familiar ata 6.000,00 euros: 180 euros.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 euros: 104 euros.

– Resto das familias:

- Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 180 euros.
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 104 euros.

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria.

Para estes efectos enténdese:

a) Por unidade familiar

1. Para os efectos previstos nesta convocatoria extraordinaria, e con referencia á situación familiar o 31 de decembro de 2013, considérase que conforman a unidade familiar:

– Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.

– Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.

– Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

– Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

b) RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

1. Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2013 e o exercicio fiscal 2013. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2013, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán, os recadros 366 (base imponible xeral) e 374 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2013.

5. No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co causante, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Quinta. Presentación de solicitudes e documentación a xuntar

As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I, e dirixíranse ao Alcalde do Concello de Oza-Cesuras en horario habitual de atención ao público (9:00 – 14:00 horas). Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es. Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- 2.- Fotocopia do libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- 3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2013); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadoradora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- Declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2013). No caso de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia Tributaria.
- As persoas que non estiveran obrigadas a declarar presentarán informe de vida laboral solicitado no Organismo correspondente (Tesorería Xeral da Seguridade Social), con posterioridade á publicación desta convocatoria. Se no informe de vida laboral figura a existencia de cotización durante o ano 2013 (xa sexa traballo por conta propia ou allea, ou por prestacións por desemprego), deberá xustificarse documentalmente a procedencia e o importe destes ingresos mediante: Certificado de empresa de remuneracións ou certificado do INEM do período da prestación e da contía anual percibida.



- No caso de estar desempleado/a, presentar documentación que acredite dita situación.
- No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2015 ata a data da convocatoria.

4.- Xustificante de matrícula para o curso 2015/2016.

5.- Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

* O empadramento comprobarase de oficio.

Sexta. Procedemento de concesión de axuda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Servizos Sociais a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Sétima. Órgano competente

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde ou Xunta de Goberno Municipal na que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora que estará composta polas integrantes dos Servizos Sociais deste municipio (Traballadoras Sociais e Educadora Familiar).

Oitava. Xustificación.

Para a xustificacións os/as beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos e condicións e da finalidade que determina a concesión da subvención (Anexo III).
- Relación clasificada de gastos realizados con identificación dos/das acreedores/as, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos, acompañada de facturas ou xustificantes de pago (Anexo III).
- Relación detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (Anexo III).

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Pago e entrega da axuda

O pago das axudas económicas efectuarase nun único mediante transferencia bancaria para o cal o/a solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese dita axuda.

Décima. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios/as cos requisitos previstos na base segunda.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con outras subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento feito polo beneficiario/a.

Undécima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o/a interesado/a poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición do Contencioso Administrativo.

3. Todo iso, sen prexuízo de que o/a interesado/a interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Duodécima. Interpretación.

Cálquera dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola Xunta de Goberno Local.

Décimo terceira. Exposición bases.

Estas bases expoñeranse ao público durante o prazo de 7 días naturais, a efectos de reclamacións.

Oza-Cesuras, 17 de xuño de 2015

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN 3º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA NOS CEIP DO CONCELLO E 2º E 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NUN CENTRO PÚBLICO PARA O CURSO 2015-2016

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos	
D.N.I.	
Enderezo	
Teléfono	
Número membros unidade familiar	

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que o Concello de Oza - Cesuras convoca axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria nos CEIP do Concello e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria nun centro público para o curso académico 2015/2016 a aquelas familias empadroadas neste Municipio.

SOLICITA A CONCESIÓN DAS SEGUINTE:

- Libros de texto (3º e 5º de educación primaria nos CEIP do Concello)
- Libros de texto (2º e 4º de educación secundaria obrigatoria nun centro público)

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO	CENTRO
1.-		
2.-		
3.-		
4.-		
5.-		

Oza – Cesuras, _____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

DOCUMENTACIÓN A APORTAR

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos aportados):

- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- Fotocopia do libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2013); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

Declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2013). No caso de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia Tributaria.

As persoas que non estiveran obrigadas a declarar presentarán informe de vida laboral solicitado no Organismo correspondente (Tesorería Xeral da Seguridade Social), con posterioridade á publicación desta convocatoria. Se no informe de vida laboral figura a existencia de cotización durante o ano 2013 (xa sexa traballo por conta propia ou allea, ou por prestacións por desemprego), deberá xustificarse documentalmente a procedencia e o importe destes ingresos mediante: Certificado de empresa de remuneracións ou certificado do INEM do período da prestación e da contía anual percibida.

No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación.

No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.

No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2015 ata a data da convocatoria.

Xustificante de matrícula para o curso 2015/2016.

Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

■ O empadramento comprobarase de oficio.

ANEXO II

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____
con DNI núm. _____, veciño/a de Oza – Cesuras

DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

Oza – Cesuras, _____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

ANEXO III

Eu, don/dona _____ con DNI núm. _____, veciño/a de Oza – Cesuras, como solicitante de axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria nos CEIP do Concello e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria nun centro público para o curso académico 2014/2015 convocadas por este concello.

DECLARO

- Que teño concedidas as seguintes axudas:
- Libros de texto (3º e 5º de educación primaria nos CEIP do Concello)
 - Libros de texto (2º e 4º de educación secundaria obrigatoria nun centro público)
- Que se cumpriron os requisitos e condicións e a finalidade que determina a concesión da axuda.
- Que os gastos realizados foron os seguintes:

ACREEDORES	CONCEPTO DO GASTO	TIPO DOCUMENTO	IMPORTE
TOTAL GASTO			Euros

- Que para o mesmo concepto, solítáronse, ademáis as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

ENTIDADE	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONES /AXUDAS SOLICITADAS	Euros

- Que para o mesmo concepto, obtivéronse, ademáis as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONES /AXUDAS CONCEDIDAS	Euros

- NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da axuda referida, expídese a presente declaración en Oza – Cesuras, a ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____